

# Abril de lume e ferro

---

Manuel María





Manuel María

ABRIL DE LUME E FERRO



**CASA - MUSEO**  
**MANUEL MARÍA**

2016

2ª edición

A edición desta obra baséase na última versión do autor, con correccións de lapsos e erros xa detectados por el mesmo tras a súa publicación e con algunhas adaptacións derivadas dos criterios expresamente manifestados por Manuel María

Fundación Manuel María de Estudos Galegos



© Fundación Manuel María de Estudos Galegos

[www.casamuseomanuelmaria.gal](http://www.casamuseomanuelmaria.gal)

[contacto@casamuseomanuelmaria.gal](mailto:contacto@casamuseomanuelmaria.gal)

Ilustración da capa: Carlos Lorenzo Pérez

Maquetación: Gráficas Mera S.L.

Impresión:

ISBN: 978-84-944417-5-2

D.L.: C 167-2016

## PRESENTACIÓN

Valentín González Formoso

Presidente da Deputación da Coruña

Esta nova edición de “Abril de lume e ferro”, escrita por Manuel María en 1974, ve a luz nun momento moi especial, marcado pola coincidencia de varias efemérides. Cúmprense 170 anos dos tráxicos sucesos históricos que inspiraron a creación desta obra teatral, tres décadas dende a súa primeira representación pública no campo da feira de Carral, onde cada ano volve aos escenarios coincidindo co aniversario do alzamento liberal de 1846, e ademais a Real Academia Galega decidiu dedicarlle ao autor chairego o Día das Letras Galegas de 2016.

Semella, polo tanto, un excelente momento para reeditar esta obra, escrita por un dos autores máis importantes da literatura galega contemporánea. Un escritor coñecido sobre todo pola súa vertente poética, pero con interesantes achegas tamén no campo da narrativa, o ensaio ou o teatro, que a miúdo contan cun trasfondo histórico, no que deixa pegadas claras do seu compromiso político e da súa permanente defensa da lingua galega.

“Abril de lume e ferro” dá conta dunha época convulsa na historia de España e de Galicia e duns acontecementos que marcarían para sempre a historia de Carral. Uns feitos que comezan o 2 de abril de 1846 co alzamento do coronel Miguel Solís en Lugo contra o Goberno do xeneral Narváez e rematan

o 26 dese mesmo mes, tras unha dura represión, co seu fusilamento e o dos outros doce oficiais que encabezaron a revolución, e que pasarían á historia como “os mártires de Carral”.

Esta é a súa historia, narrada en versión teatral pola maxistral pluma de Manuel María.

## SEN ESQUECER A MANUEL MARÍA

José Luis Fernández Mouriño  
Alcalde de Carral

No ano 1989 Manuel María achegouse a Carral para presentar a publicación da obra de teatro que escribira no 1974 e que editara este Concello. Desde aquela foi un escritor que as nosas xentes sentiron como seu e ao que sempre se lle quixo demostrar agarimo e admiración.

Sen dúbida *Abril de lume e ferro* foi o principal vencello que unían Carral con Manuel María. Primeiro foi a aquela modesta publicación que entrou nas casas dos carraleses. Despois a representación teatral que os veciños levan a cabo desde hai 20 anos e coa que nos dan unha lección de compromiso coa nosa cultura e respecto polos tráxicos sucesos que en Carral aconteceron o 26 de abril de 1846.

É un orgullo, como alcalde que me toca vivir este tempo, participar do respecto que queremos render a Manuel María e a lembranza que merecen Miguel Solís e os seus oficiais fusilados en Paleo e na desaparecida Fraga do Rei. A reedición de *Abril de lume e ferro* supón para nós unha obriga que debemos atender para honrar a Manuel María, á nosa historia e á nosa lingua.

Agardo que co goce deste libro que ten entre as súas mans se una a nós nesta gran homenaxe a grandes homes da literatura e historia de Galicia.





## O LEVANTAMENTO DE 1846

Xosé R. Barreiro Fernández

O 2 de abril de 1846 iniciábase en Lugo un levantamento contra o Goberno conservador que remata o 27 dese mesmo mes e ano. O día 26 foron fusilados en Carral 12 oficiais (outro sarxento foi fusilado en Betanzos) e apresuradamente enterrados deixando nas paredes da igrexa de Santo Estevo de Paleo pequenos anacos de tea e moito sangue. Na carballeira que había antes de chegar á igrexa (a fraga do Rei) tiveron que fusilar a varios oficiais porque xa caía a noite sobre o lugar. Os soldados de Cachafeiro, encargados da execución, non puideron despozar os mortos e roubarlles as súas pertenzas (como era costume) porque o párroco de Paleo, D. Mateo Pereira, llelo impediu. Nese intre comezaba a lenda.

Por que en Carral, se, como xa sabemos, o exército cos seus oficiais se entregou en Santiago despois da batalla de Cacheiras? Nada había en Carral que obrigara o capitán xeneral a castigar a vila por convivencia cos vencidos. A realidade é que foi a casualidade quen o determinou: non era aconsellable fusilalos en Santiago porque podería provocar un levantamento popular. Por iso os detidos se puxeron en camiño cara á Coruña sen ter ninguén claro onde serían xulgados. Villalonga, o capitán xeneral de Galicia, pensou de inmediato na vila de Ordes, pero ao chegar alí a triste comitiva atopouse co concello pechado e con todos os membros deste fuxidos. Non había, pois, quen abrise o edificio nin autoridade local

ningunha que referendase os actos. A comitiva perdeu varias horas e, ao fin, tivo que seguir a pé cara á Coruña.

No camiño apareceu a vila de Carral e Villalonga informou ao tribunal xa constituído que deberían aproveitar o paso por Carral. Pero tampouco nesta vila atoparían apoio ata que se presentou o segundo alcalde, D. Fernando Insua, que se amosou disposto a dar cobertura legal e a facer cumprir a sentenza que pronunciara o tribunal reunido nun mesón desta vila, mentres os detidos agardaban no interior da capela do Socorro.

Do Porto, autor da primeira historia deste levantamento, dános unha versión romántica da declaración de Solís, na que este asume toda a responsabilidade do levantamento coa intención de liberar os demais oficiais. Cando anos despois apareceron as actas do xuízo, quedaron claras as invencións: Solís, como faría calquera, procura salvarse negando que fora o xefe da rebelión e explicando a súa participación no levantamento porque como no ano 1843 non quixera formar parte da conxura fora «castigado, reprimido y hasta mal mirado de sus jefes». De aí que non dubidase en formar parte deste levantamento. Esta declaración aparece asinada por Solís, o que o sitúa no verdadeiro contexto: un oficial que soubo morrer con dignidade, pero sen discursos nin posicións heroicas.

### *O soporte da lenda*

Pasan de 50 os pronunciamentos ou golpes de Estado dados polo Exército contra os gobernos do século XIX. Todos fracasaron exceptuando os de 1836, 1840 e 1854. O de 1846 tamén fracasou e aínda así permaneceu na memoria colectiva

e na lenda, por que? Porque non foi exclusivamente militar, porque tivo lugar nun período densamente romántico (exaltación do heroe, impecable estética na morte, defensa da liberdade como valor supremo de toda persoa) e porque nel participaron os estudantes, os poetas e pensadores de Galicia.

Cando Manuel Murguía inicia a construción dunha teorización sobre o pasado galego e se decata da función redentora e do poder da historia, detense neste acontecemento como unha das pedras angulares do noso pasado máis recente. El viu como morría un mozo oficial na farmacia do seu pai na actual praza de Cervantes de Santiago e a partir dese momento só se sentiu galego: «no se habían hecho aún los últimos disparos (refírese ao 26 de abril de 1846), cuando ya sentí que en mi alma de niño (tiña 13 anos) se levantaba el sombrío despecho de los vencidos y algo parecido al vago deseo de la rehabilitación y la victoria». Así, dun oficial ametrallado, o neno Manuel Murguía descobre unha nova patria, que hai que redimir.

Os vencidos daquel pronunciamento, mozos universitarios, soñadores e poetas, dramaturgos e músicos, pintores e artistas descubren que Galicia é outra cousa e que ben merecía que se loitase por ela. Así empezou a teorización de Galicia, pero tamén a lenda do sucedido en 1846.

### *Abril de lume e ferro*

No ano 1974 escribe esta obra Manuel María, que non sería publicada ata 1989 grazas á xenerosidade do Concello de Carral. Para interpretar esta obra cómpre ter moi en conta dúas circunstancias: primeira, que aínda non aparecera a monografía

máis recente *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, que foi publicada no ano 1977, o que obrigou a Manuel María a depender das versións parciais que do acontecemento deu Tettamancy; e segunda, o momento histórico do ano 1974 e a ferventía nacionalista que nese intre se vivía en Galicia. É preciso non esquecer estes dous feitos porque axudarán a interpretar a peza literaria do poeta.

Cae fóra da nosa intención someter esta obra a un xuízo crítico literario. O escritor goza da autonomía necesaria para construír á súa maneira o relato (novela, poesía, teatro etc.) no que non se debe esixir o rigor histórico nin ningún tipo de pretensión purificadora da tradición.

O profesor belga Buijs, que me deu Dereito Penal en Roma, repetíanos nas clases que debíamos superar a tendencia a inventar inimigos para poder refutalos facilmente. Crear arquetipos simbólicos para que o simbolismo entre en conflito coa normalidade ten un innegable valor pedagóxico.

Algo diso atopamos na obra que presentamos. Cando o autor se refire ao papel da burguesía da Coruña naquel levantamento dise que a burguesía coruñesa, os cónsules estranxeiros e dona Xoana de Vega eran radicalmente antigaleguistas quedando a sospeita de se, por iso, eran contrarios ao levantamento. A realidade foi ben distinta: a burguesía coruñesa foi sempre progresista, os cónsules de Inglaterra, Francia, Portugal, que gozaban de inmunidade diplomática, colaboraron activamente nos preparativos do golpe e Xoana de Vega reunía nos salóns da súa casa a oficialidade que conspiraba. Varios deses oficiais foron fusilados en Paleo.

Esta distinta visión procede da confusión entre progresismo e galeguismo. O levantamento foi organizado polos progresistas, que nin eran galeguistas nin había razóns obxectivas para militar nun movemento de recente creación, formado por Antolín Faraldo e unha ducia de universitarios e do que ninguén falaba en España. Foron os galeguistas, entón chamados provincialistas, os que se uniron aos progresistas unha vez xa iniciado o levantamento.

Por conseguinte, o elemento principal foi o progresismo, partido político estendido por toda España e cunha presenza moi importante nos cuarteis, e ese foi o grupo que na Coruña axudou a preparar o golpe.

Co tempo, o galeguismo, que en 1846 apenas existía, foi adquirindo forza, especialmente nas Letras (a súa presenza nas Cortes non aparece ata a segunda República), dando a sensación de ser un movemento poderoso.

Se temos en conta esta elemental distinción entre progresismo e galeguismo e se foron os progresistas os organizadores do levantamento, entón cae pola súa base a dura crítica que Manuel María fixo dos que se sentiron alleos a este ideario.



## **ABRIL DE LUME E FERRO: O valor da historia**

María Pilar García Negro

Unha feliz coincidencia fai cadrar neste ano 2016 dúas celebracións da maior importancia: o centenario da fundación das Irmandades da Fala e mais a elección de Manuel María como dedicatario do Día das Letras Galegas. Un fío invisíbel –mais non por iso menos real– une ambas, nun *continuum* que desmente esa idea de guadiana constante da cultura de noso. Aqueles fundadores, aqueles artífices do Segundo Renacemento da cultura galega, captaron ben a necesidade imperiosa de cumprimentar un dos requisitos básicos da normalización dunha lingua: dotala da necesaria megafonía como instrumento público; popularizar e prestixiar o seu uso social; programar todas cantas accións posíbeis para lle procurar unha outra constelación de asociacións, para alén do coloquial, do familiar, do informal; traspasar, en fin, a fronteira dos usos primarios e elevala aos usos secundarios, precisos en toda lingua para que ela acade efecto multiplicador e ocupe o espazo superestrutural usurpado por outra lingua, no noso caso, pola lingua oficial do Estado, o español.

Neste obxectivo de amplo alcance, aqueles pioneiros (Antón e Ramón Vilar Ponte, Vicente Risco, Castelao, Otero Pedraio, Ánxel Casal, María Miramontes...), na compañía de ducias de adherentes –«Amigos da Fala»–, incluíron o teatro como unha peza fundamental para elevar a condición do galego e

contribuír decisivamente á súa normalización. O verbo *eleva*r cobra aquí todo o seu sentido, pois tratábase de subir a lingua galega ás táboas, ao escenario, e de facer dela vehículo de comunicación normal entre todas as personaxes, grandeza aristocrática incluída, reis e raíñas incluídos, xustamente como nos séculos en que a Galiza tiña poder político e a súa clase dominante en galego se expresaba. Pois ben, Manuel María é herdeiro e legatario desta manda non escrita mais igualmente eficaz, que se revela no seu incesante labor por significarnos, por significar a Galiza en toda a súa riqueza e en todas as súas necesidades.

Non é ocasional ou episódica a creación teatral na produción toda de Manuel María. As súas trinta e seis obras así o certifican. Mais, para alén do número, chaman a atención a variedade e a densidade da súa proposta. A súa condición de poeta (= creador, no sentido etimolóxico) brilla en dimensións diferentes e complementares: a declaración da liberdade como consubstancial ao ser humano; a elevación épica das clases populares galegas; a crítica política; o teatro de axitación e propaganda; o rescate, en fin, da memoria histórica, declinada na Galiza e desde a Galiza.

Si, a memoria histórica, porque, moito antes de que se fixese corrente esta expresión, Manuel María xa a estaba exteriorizando, dándoa a valer, desde a ficcionalización dramática de acontecementos e procesos fundamentais da nosa historia, da historia da Galiza. A esta vontade de recuperación e, asemade, de creación de conciencia se afilia, leitora-leitor, a obra que tes nas mans. Escrita en 1974, non viu



a luz até a edición realizada polo Concello de Carral, en 1989, publicación que honra a quen a patrocinou, pois demostra o sentido de diálogo e de modernidade a que se debe unha institución pública: diálogo coa cultura viva do seu país; concepción dela como unha entidade adulta, madura e moderna, isto é, ao servizo do público. Estas cualidades son as que relocen na Asociación Cultural que se orgulla de levar o nome desta peza, “Abril de lume e ferro”. Mais, para alén desta homenaxe explícita, un outro feito que case denominamos prodixioso ennobrece o labor desta entidade: a representación continuada desta obra desde hai vinte anos, a cargo de viciños e viciñas da mesma vila, de Carral. Que o corpo actoral sexa o propio povo cobra de certo dimensión alegórica: se o povo é suxeito da historia, tamén o será da representación dramatizada da mesma, da súa ficcionalización teatral. Adxectivámolo como “prodixioso”, pois é revelador dunha vontade de permanencia ben estimábel neste mercado do efémero e exitista en que se quer enguedellar tamén a cultura, reducida só a un produto vendíbel, e porque acredita a crenza nunha historia digna de ser coñecida e escenificada. En resumo, quen pescuda no pasado e o actualiza é porque desexa e promove un futuro.

Tan é así que os acontecementos que deron lugar ao desenlace ocorrido na vila de Carral, e cuxos protagonistas-vítimas son coñecidos como os Mártires de Carral, no mesmo século XIX pasaron a ser peza fundamental do acervo simbólico dos patriotas galegos. Cuarenta anos despois do pronunciamento liberal e galego, Murguía vaino evocar no seu libro-homenaxe *Los Precursores* (1886). En 1846, o ilustre historiador e

polígrafo, a piques de cumprir os trece anos, asiste abraiado á derrota dos sublevados. Así o rememora:

*Cuando abrí mis ojos á la luz de la inteligencia, no solamente llevaba Galicia, sangrientas y á la vista, las heridas que un inícuo desprecio había abierto en su costado, sino que en tristísima tarde presencié la derrota de los que se decían sus defensores. Non se habían hecho aun los últimos disparos, cuando ya sentí que en mi alma de niño se levantaba el sombrío despecho de los vencidos, y algo parecido al vago deseo de la rehabilitación y de la victoria. Al calor de los años crecieron las ansias de conseguirla. Fueron aquellos unos hermosos días, que tal vez no amanecerán de nuevo para ninguna de las almas enamoradas de Galicia: tantas eran las esperanzas concebidas, tanta la seguridad de que habían de realizarse<sup>1</sup>.*

Na constante releitura do pasado histórico que realiza Eduardo Pondal non podía faltar a súa homenaxe particular aos mártires fusilados na vila de Carral. Dos varios poemas que lles dedica seleccionamos o que, publicado en Maio de 1904, é coetáneo da erección do monumento que fai singular a nosa vila. Titulado expresamente «Aos Mártires de Carral»<sup>2</sup>, así reza:

---

<sup>1</sup> MURGUÍA, Manuel M.: *Los Precursores*, La Voz de Galicia, 1975 [1886], ed. facsimilar, páxs. 10-11.

<sup>2</sup> Vid. PONDAL, Eduardo: *Poesía galega completa II. Poemas impresos*, edición de Manuel Ferreiro, Sotelo Blanco Edicións, Santiago de Compostela, 2001, páx. 82.

*Os traidores e infames,  
os tráfugas e necios;  
aqueles que aplaudiron  
o bárbaro decreto;  
os tímidos e imbéciles  
e d'ánimo fraquento,  
ao ver de longe a costa  
funesta de Paleo,  
con risas ou con bágoas  
ignaros din: «Morreron».*

*Mas unha voz sublime,  
que vence o tempo e o ferro,  
capaz d'erguer os mortos  
do seu repouso eterno,  
indignada contesta:  
«Valerosos caeron, non morreron!».*

A esta xinea pertence Manuel María. A esta vontade de reposición da historia se adscribe a presente obra que reúne na súa factura un conxunto dos máis eficaces procedementos da arte teatral: coralismo; documentación histórica; enigma; solemnidade da dicción; ritmo mantido; caracterización das dúas series de personaxes (revolucionarios / represores), tanto na orde civil como na militar; enaltecemento de figuras pioneiras na rehabilitación da Galiza como Antolín Faraldo e Francisco Añón... É, de certo, un drama á galega, porque á historia da Galiza responde, non por un simples locativo, porque aquí, na nosa nación, tivesen lugar os feitos, senón porque ela, a Galiza en si, foi quen de existir como obxectivo

político, como identidade que contesta a opresión colonial da Corte, como inxección civil no levantamento militar.

Benia, pois, a todos os que, en Carral, ano após ano, dan vida e saúde a esta peza central do teatro de Manuel María e da dramaturxia galega contemporánea! Na dedicatoria deste libro que o autor nos agasallou figura, a carón das cariñosas palabras que sempre nos dedicou, unha sintética definición do contido da obra que nos estremeceu e nos estremece: "...este anaco da nosa trágica tristeza". Deber noso, xa en pleno século XXI, é conxurar esta derrota e convertela en alavanca da nosa emancipación. Para algúns, a historia galega é balor, capa que debe ser borrada, para que só sobreviva e se imponha a do imperio e as súas sucursais. Para nós, a historia galega nunca será balor. Será valor imprescindible na construción do noso presente e do noso futuro. Se a nosa voz e o noso interese a mantén viva e actuante, ela vencerá, como quería Pondal, o tempo e o ferro, e inaugurará un Abril de luz e liberdade.

**Galiza (A Coruña), 7 de Marzo de 2016.**

## NOTA DO AUTOR

*Escribí esta obra no ano 1974. Quedou finalista no III Concurso Teatral, convocado pola «Agrupación Cultural Abrente de Ribadavia» e recibiu o primeiro premio de guións cinematográficos do desaparecido grupo «Nós», creado para desenvolver un cinema galego.*

*Agora, despois de tantos anos, sae á luz grazas ao interese do concello de Carral, onde se desenvolveron os tráxicos sucesos da Revolución Galega de 1846.*

*A obra unicamente intenta dar unha visión, galega e obxectiva, de como aconteceron os sucesos de Abril de 1846, unha das datas-chave da nosa Historia. Os documentos históricos citados na peza van entre aspas.*

*E nada máis. Só resta agradecer ao Concello de Carral a edición desta peza dramática que levaba tantos anos metida na escuridade dunha gaveta.*

MANUEL MARÍA  
Marzo de 1989



*Día 31 de marzo de 1846.*

*Sala de armas do Cuartel do Rexemento  
Provincial de Gijón, en Lugo.*

OFICIAL 1º – Xa estamos cheos!

OFICIAL 2º – A tiranía da Camarilla é insufribel.

OFICIAL 3º – Eses chusqueiros de mala morte, quen se coidan que son? Pensan que nós somos os seus asistentes, ou que...?

OFICIAL 4º – Estou até os mesmísimos collóns de soportar tanta imposición irracional.

OFICIAL 1º – O exército está para gardar a orde e non para sufrir humillacións. Todo ten o seu límite.

OFICIAL 2º – O exército ten a obriga de defender a liberdade. E nada máis.

OFICIAL 3º – A Liberdade... Vaiche boa!

OFICIAL 4º – A Liberdade está máis fodida que a Pepa da Rinconada do Miño. Ríome eu dela!

OFICIAL 1º – O noso honor de militares.

OFICIAL 2º – A nosa honra de cabaleiros.

OFICIAL 3º – A nosa propia estima, señores oficiais...

OFICIAL 4º – A nosa dignidade está polo chan.

OFICIAL 1º – Hai que facer algunha cousa.

OFICIAL 2º – Eu non vexo saída.

OFICIAL 3º – Estamos humillados. E o país tamén.

OFICIAL 4º – O noso deber obríganos a tomar unha determinación.

OFICIAL 1º – O home é ceibe por natureza.

OFICIAL 2º – Unha cousa é a obediencia e a disciplina, e outra a imposición e a tiranía.

OFICIAL 3º – Iso mesmo é o que eu opino.

OFICIAL 4º – É hora xa de decidirmos. Teño as miñas informacións e os meus contactos e compromisos.

OFICIAL 1º – Conta!

OFICIAL 2º – E que...?

OFICIAL 3º – Que é o que sabes...?

OFICIAL 4º – Hai que salvar a Raíña!

OFICIAL 1º – Iso!

OFICIAL 2º – A Raíña...? Tenche boa dúbida!

OFICIAL 3º – A Raíña é unha santa.

OFICIAL 4º – Tanto como unha santa...!

OFICIAL 1º – Corren faladorías de que máis de un xa lle ten desfeito a cama.

OFICIAL 2º – Non é posíbel. Aínda é unha nena. Ademais a Raíña é moi relixiosa e está educada pola virtuosísima Sor Patrocinio.

OFICIAL 3º – A piedade da Raíña non pode ser posta en tea de xuízo. Todos somos de carne e óso. Coitadiña!

OFICIAL 4º – Falando con toda a claridade, vovos dicir unha cousa: esas lixeirezas e liviandades que contan da Raíña son imperdoábeis nunha muller. Nun home poden pasar. Para iso é home.

OFICIAL 1º – Certo!

OFICIAL 2º – Hai moita envexa polo mundo.

OFICIAL 3º – Hai moitos inimigos agachados e moita mala idea por aí adiante.

OFICIAL 4º – Sexa o que sexa, a Raíña vai indo. Eu téñolle, a pesar de todo, certa simpatía. Mesmo acho poético que nos governe unha muller. A Raíña é boa moza, aínda que un pouco grosa de máis para o meu gusto.



OFICIAL 1º – Que nos ías dicir?

OFICIAL 2º – É verdade: conta, conta...

OFICIAL 3º – Dinos canto saibas.

OFICIAL 4º – O caso é que se está preparando un alzamento contra a Camarilla. Está todo tan ben artellado que non pode fallar.

OFICIAL 1º – Era de agardar. E nós que faremos?

OFICIAL 2º – Sumarnos a el. A Camarilla é odiada en todo o país e hai que rematar con ela dunha puta vez.

OFICIAL 3º – Iso é verdade.

OFICIAL 4º – O pobo séguenos. O sistema tributario de Mon é moi impopular, e maiormente aquí en Galiza.

OFICIAL 1º – O pobo está que rebenta.

OFICIAL 2º – Todas son queixas e protestas.

OFICIAL 3º – O pobo está máis estrollado que un grao moído.

OFICIAL 4º – O triunfo é seguro.

OFICIAL 1º – Pode selo.

OFICIAL 2º – Unha sublevación ben feita non pode fallar, dado o descontento que hai na xente.

OFICIAL 3º – Cando terá lugar o alzamento?

OFICIAL 4º – Axiña. Non se pode aturar máis este desgobierno. Miraflores, Istúriz, o Duque de Sotomayor, Mon e toda a Camarilla son uns oportunistas sen vergoña. Quen manipula todo é o xeneral Narváez, que vive nun gran pazo, que anda cuberto de aura e de diamantes como unha puta fina, que aproveita a súa situación para xogar á bolsa con vantaxe, que mata os seus inimigos sen escrúpulos... Aínda hai pouco que dixo: «Non abonda con confiscar os xornais; para rematar cos malos xornais habería que matar todos os xornalistas». E é moi capaz

de facelo. Respecto á Raiña, é unha nena de dezaseis anos, consentida e mal criada, que o único que a preocupa é brincar con bonecas e encherse de pasteis. Que vai facer se é unha criatura?

OFICIAL 1º – Sempre, nos intres críticos, o exército ten que ir na vangarda.

OFICIAL 2º – Os militares temos as ideas máis claras e non andamos con trécolas nin con miramentos legais.

OFICIAL 3º – Na Cámara de Deputados o único que se fai é falar e falar para embarullar máis as cousas.

OFICIAL 4º – Temos que nos sacrificar, unha vez máis, polo ben do noso país.

*Entra D. Miguel Solís Cuetos, Coronel Comandante de Estado Maior da Capitanía Xeral de Galiza. Ten 31 anos.  
Os Oficiais saúdanlo militarmente.*

SOLÍS (*tendéndolles a man, un a un*) – Cabaleiros, queridos amigos. Acabo de chegar. O Capitán Xeneral de Galiza coida que estou con licenza de enfermidade. Mañá mesmo sairemos á rúa. Está todo disposto?

OFICIAL 4º – Meu comandante, estaba falando con estes compañeiros, boa xente e leal. Os outros oficiais deste Rexemento Provincial de Gijón están connosco.

OFICIAL 1º – Estou conforme.

OFICIAL 2º – Eu tamén.

OFICIAL 3º – E eu.

OFICIAL 4º – Estamos todos ás súas ordes, meu Comandante.

SOLÍS – Perfectamente. O plan é como segue: o 2º Batallón do

Rexemento de Zamora nº 8, que vai destinado para fóra de Galiza, alzarase aquí en Lugo, no barrio de San Roque, mañá. As tropas deste Rexemento Provincial de Gijón, na hora en que se vos diga, sairedes á rúa e tomaredes a cidade: detedes primeiramente o Comandante-Xeneral da Praza D. Benito Menacho, o Comisario de Guerra, o Xefe político, o Alcalde, Presidente da Deputación e Xuíz de Primeira Instancia, e tomades o pazo do xefe político, concello, deputación e xulgados. Unha vez que triunfe aquí o alzamento, seguirannos os compañeiros de Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, Baiona, Morrazo, Tui... Galiza enteira hanos secundar. O día 1 de abril de 1846 será unha data histórica. Ide preparando todo. Estade firmes nos vosos postos. Xa recibiredes ordes concretas.

Viva a Revolución!

OFICIAIS (*a coro*) – Vi-va...!!

OFICIAIS – Viva D. Miguel Solís!!

SOLÍS (*enérxico*) – Abonda! Aos vosos postos!

OFICIAIS – Ás súas ordes, Comandante.

*Os Oficiais saúdan militarmente, dun xeito ríxido, póndose firmes diante de D. Miguel Solís.*

*Faise a escuridade.*

*Solís le unha proclama ás tropas.*

*Escoitan esta proclama soldados e paisanos.*

*Tanto uns como outros quedarán na penumbra.*

*A luz proxectarase sobre D. Miguel Solís, que estará subido a un pequeno podium.*

SOLÍS – “... Chámanvos o honor, a gloria, a salvación dunha raíña inocente, o afianzamento das institucións, a paz e a ventura do país. Os intres son preciosos, a máis pequena agarda asolágavos no oprobio.

.....  
*Viva a Raíña ceibe!* .....

.....  
*Fóra estranxeiros!* .....

.....  
*Fóra ditaduras! O trono e a patria, os poderes únicos, marcados na Constitución da monarquía, abundan para salvarlos; entre o trono e a Patria non cabe poñer algún estraño que ameace ora a esta, logo a aquel.*

*A observancia fiel da Constitución da monarquía, o cumprimento exacto da lei, a súa aplicación con dignidade, a responsabilidade máis forte, daravos a garantía precisa e conquistarase a paz.*

*... Debaixo de tan nobre divisa conquistaredes o froito de tantos sacrificios: facede este derradeiro esforzo e abonda.*

*Non haxa bandorías, non haxa división, ábranse as portas da Patria a tantos fillos que, coma vós, derramaron o seu sangue na defensa da súa Raíña e das Institucións, e fóra hoxe dela choran a súa emigración. Acóllanse a esta bandeira, concorran á grande obra da nosa salvación para sempre. Esquecemento do pasado, entusiasmo no alzamento tan digno como grande que se presenta, esperanza de reconciliación, paz, felicidade e ventura.*

*Para levar a remate cumpridamente tan nobre obxecto, escoitade submisos os consellos da Xunta Central,*

*mentres non poida facerse a xuntanza das Cortes Constituíntes, dirixiravos a súa voz no nome de Isabel II Constitucional, deica que tan axiña chegue o día, que non está lonxe, en que a súa Maxestade ceibe poida, en xuntanza coas mesmas Cortes, afianzar dunha vez o seu trono e os dereitos e independencia da nación.*

.....

*Viva a Raíña ceibe!*

*Viva a Constitución!*

*Fóra estranxeiros!*

*Abaixo o ditador Narváez!*

*Abaixo o sistema tributario!*

*Lugo, 2 de abril de 1846. O Comandante-Xeneral Interino Miguel Solís Cuetos".*

*Faise a escuridade.*

*Deliberación da Xunta de Goberno de Lugo,  
composta por:*

*D. Manuel Becerra Llamas, Presidente*

*D. Xoán M. Castañón, Vogal*

*D. Domingo Antonio Pozzi, Vogal*

*D. Toribio Batalla, Vogal*

*D. Francisco Riera, Vogal*

*D. Xoaquín Pando, Vogal*

*D. Antonio Romai, Vogal*

*D. Xosé M. Capón, Vogal*

*D. Antonio Camba, Vogal*

*D. Xosé Antonio Villa, Secretario.*

*Asisten a esta deliberación D. Miguel Solís e  
algúns oficiais.*

BECERRA – A Xunta de Goberno de Lugo abre as súas  
deliberacións.

CASTAÑÓN – Primeiramente é de xustiza agradecer ao  
Comandante Sr. Solís...

SOLÍS – Iso cando triunfe a Revolución. Nestes intres, señores,  
non hai tempo que perder.

POZZI – O Comandante Solís ten razón.

BATALLA – A xente responde como é debido e está chea de  
fervor revolucionario.

RIERA – Moi ben. O triunfo da Revolución é un feito que non  
ten volta.

PANDO – Non se pode deixar morrer ese lume de amor á  
Liberdade que predeu tan fondo no corazón de todos  
os lugueses.

ROMAI – A xente ama a Liberdade.

CAMBA – Non hai dúbida.

BECERRA – Pode informarnos o señor Comandante Solís de como respondeu o exército a esta Revolución Galega?

SOLÍS – Toda Galiza está respondendo moi ben. Soamente A Coruña e Ferrol aínda non están no noso poder. Esas prazas tomarémolas pola forza. Ourense será cousa de pouco. Na cidade hai un gran espírito revolucionario e temos alí moitos amigos. Os gobernamentais non teñen nada que facer.

BECERRA – Ben. Agora cómpre que o señor secretario desta Xunta de Goberno lea as ordes que se elaboraron e discutiron estes días para proceder á súa aprobación, unha vez feitas as emendas pertinentes, se hai lugar a elas.

VILA (*lendo*). *“A Xunta de Goberno de Lugo en reunión dos días dous, tres e catro de abril de mil oitocentos corenta e seis, ACORDA e ORDENA:*

*A supresión do Concello da cidade con todas as súas dependencias, a contar dende o día dous de abril presente.*

*Suprimir, por innecesaria e vexatoria, a odiosa institución chamada policía.*

*Declarar disolta a Deputación provincial.*

*Declarar separados a varios catedráticos do Instituto de Segundo Ensino, cuxos nomes se especificarán.*

*Nomear novo Depositario da Deputación, que se encargará tamén de gardar os fondos pertencentes ao Goberno Político.*

*Suprimir os dereitos que, co título de ramo volante, se pagaban no sistema de contribucións anterior, chamado tributario.*

*Reducir os dereitos que tiña que pagar a libra de carne de porco salgada.*

*Dar unha paga aos empregados activos, outra ás monxas que desempeñen servizos humanitarios e outra a eivados, viúvas, orfos de funcionarios públicos e retirados existentes nesta cidade de Lugo”.*

BECERRA – Coido que está ben. Que, polo momento, nada hai que riscar nin que engadir.

CASTAÑÓN – Habería que tomar medidas máis radicais.

POZZI – As cousas hai que cavilalas ben e ir amodiño.

BATALLA – Ten razón o señor Pozzi.

RIERA – O noso programa está ben claro.

PANDO – De onde vai saír o diñeiro para dar tantas pagas?

ROMAI – Dispoñemos por agora dos fondos que pertencían ao Goberno Político.

CAPÓN – A guerra pode ser longa.

CAMBA – Contando co apoio do pobo, non hai que ter medo ningún.

VILA – Coido que estas medidas son xustas e políticas.

BECERRA – Apróbanse, pois, estes acordos?

CASTAÑÓN – Eu voto a favor.

POZZI – Eu tamén a favor.

BATALLA – A favor.

RIERA – A favor.

PANDO – A favor.

ROMAI – A favor.

CAPÓN – A favor.

VILA – Voto que si.

SOLÍS – Eu voto que si.

BECERRA – Mañá cómpre publicar estas ordes no Boletín Oficial e fixar edictos nos lugares de costume.

VILA – Así se fará.

*Faise a escuridade.*



*Juan de Villalonga, Capitán Xeneral de Galiza, aparece seguido dun Ordenanza, que trae un podium, e dun Cornetín de Ordes. Así que o Ordenanza coloca o podium, con moita cerimonia e grandes requilorios, sobe a el Villalonga, que permanecerá mudo e firme como unha estatua mentres o Cornetín de Ordes bota unha tocata moi repinicada e floreada. Ao rematar o Cornetín, Villalonga le:*

VILLALONGA (case a berros) – Yo, Juan de Villalonga, Capitán General de Galicia y Jefe supremo de sus Ejércitos, ORDENO:

*“Artículo 1º – Las cuatro provincias de Galicia, que componen el distrito de mi mando, quedan declaradas en estado de sitio.*

*Artículo 2º – Los revolucionarios de Lugo quedan declarados fuera de la ley para ser perseguidos y castigados en los términos en que se expresará por el artículo siguiente.*

*Los que de la clase de tropa se me presenten separándose de la rebelión dentro de veinticuatro horas de la publicación del bando serán indultados; los de la de Jefes y Oficiales quedarán sujetos a las leyes y a la benignidad de S. M.*

*Artículo 3º – Toda persona que directa o indirectamente auxilie a la rebelión o conspire contra la Constitución, contra el Gobierno, y contra el orden interior establecido, será juzgado por el Consejo de Guerra con arreglo a la ley de 17 de abril de 1821.*

*Artículo 4º – Las autoridades civiles quedarán en el ejercicio de sus respectivas funciones, sin perjuicio de*

*mis disposiciones y providencias que puedan serme necesario tomar momentáneamente”.*

*La Coruña, 4 de abril de 1846.*

El Capitán General de Galicia. Juan de Villalonga.

*O Cornetín de Ordes bota unha tocata breve e marcial, mentres o Capitán Xeneral Villalonga abandona a escena e o Ordenanza recolle o podium.*

*Faise a escuridade.*

*Xunta de Goberno de Vigo:*

*D. Ramón Buch, Presidente.*

*D. Xoaquín Yáñez, Vogal.*

*D. Benigno Cid, Vogal.*

*D. Xoán R. Nogueira, Secretario.*

*O Brigadier D. Leoncio Rubin de Celis.*

BUCH – As noticias que chegan de Lugo non poden ser máis esperanzadoras. E tamén as de Santiago. A Revolución é un feito. E nós de brazos caídos.

YÁÑEZ – Cómpre bulir para que aquí en Vigo nomeemos, xa dunha vez, a Xunta de Goberno Revolucionario. Tivemos varias xuntanzas para nada. Imos rematar fusilados por conspirar. O bando do Capitán Xeneral é ben claro.

CID – Ao Capitán Xeneral ninguén lle fai caso. A verdade é que non podemos perder máis tempo. En casos así hai que improvisar todo.

NOGUEIRA – Primeiro hai que nomear un presidente.

BUCH – Coido que Nogueira é o home indicado.

NOGUEIRA – Non. Calquera de vostedes é moito máis indicado do que son eu.

CID – Non comecemos a discutir. De non ser Nogueira Presidente, que o sexa Buch.

BUCH – Home, eu...

NOGUEIRA – Falando claramente: o meu posto é o de secretario. Mesmo sinto un aquel polos traballos administrativos.

CID – Que sexa Buch, logo, o Presidente e Nogueira o Secretario. Yáñez e mais eu seremos Vogais.

BUCH – Por min non hai inconveniente.

NOGUEIRA – Por min tampouco.

YÁÑEZ – Conforme.

NOGUEIRA – Teño que ir labrando xa a primeira acta desta Xunta.

*Entra en escena o Brigadier D. Leoncio Rubín de Celis.*

RUBÍN – Señores da Xunta, estou á súa disposición. Poño ao servizo do alzamento revolucionario 900 homes, que son os que están de guarnición en Vigo, e dúas pezas de artillaría rodada. En Pontevedra alzouse o Comandante Buceta e formouse unha Xunta de Goberno que preside D. Xosé María Santos, coa que deben ligar. O alzamento revolucionario está triunfando en toda Galiza.

BUCH – Esta Xunta queda enteirada.

RUBÍN – Estou ás ordes da Xunta, Señor Presidente.

BUCH – E a Mariña? Sabe algo da Mariña?

RUBÍN – Algo sei. Os oficiais están aínda, algúns deles, indecisos. Piden garantías.

BUCH – Que garantías? Quen pode dar garantías de nada nestes intreos?

NOGUEIRA (*a Rubín*) – Intente convencer como sexa aos Oficiais de Mariña de que se poñan do noso bando.

RUBÍN – Niso estou.

YÁÑEZ – Volte a insistir. Convén gañar esta partida. Vainos a vida nesta revolución.

CID – Coñezo algúns oficiais da Mariña. Falarei con eles.

RUBÍN – A miña vida e a dos meus homes está ao servizo da Revolución.

BUCH – A vida de todos nós, señor Comandante.

*Faise a escuridade.*

É xa tempo de erguer a Liberdade,  
de saír deste noxo e deste abismo  
para poñer en alto a dignidade,  
a ira, a rebelión, o inconformismo.

É tempo preciso para se alzar,  
de enterrar dunha vez a tiranía  
e erguer a nosa fe como un cantar  
pra tragner a pureza e a alegría.

É o tempo do combate, do clamor,  
da afirmación enteira máis baril.  
É o tempo do incendio abrasador  
baixo este ceo purísimo de abril.

É tempo de ofrendar a propia vida,  
de vestir o uniforme de soldado.  
É tempo de ir coa fronte erguida  
pra facer un mañá esperanzado.

Abril fixo xurdir rosas vermellas,  
toxos Arnais e estripos feridores.  
É tempo de gadañas e de rellas,  
de seiturar a traizón, os traidores.

Galiza é, dende agora, chama acesa,  
un agromar de papoulas a florir,  
unha fouce xigante, unha promesa,  
unha vontade absoluta de porvir.

Galiza é o empeño máis fermoso,  
o pulo transcendente máis cabal,  
un ideal vivo, virxe e poderoso,  
unha desperta conciencia comunal.

Este é tempo de loita, de xenreira.  
É tempo de semente e de colleita.  
O tempo de que agrome a Primavera  
pra levantar á Terra tan maltreita!

*4 de abril de 1846  
Rúa de Santiago de Compostela.  
Varios Estudiantes.  
O poeta Francisco Añón.*

AÑÓN – Pois si. As noticias non poden ser máis interesantes nin máis esperanzadoras. Este mencer os artesáns, que andaban patrullando por Santiago, arrestaron ás autoridades e algunhas persoas máis que estaban cos gobernamentais.

ESTUDANTE 1º – Os nosos compañeiros andan de vixía polos arredores e teñen cortadas todas as comunicacións. Todos eles van ben armados.

ESTUDANTE 2º – O escuadrón de Villaviciosa alzouse ás oito da mañá. Eu, que vivo na rúa das Campás de San Xoán, ollei como o escuadrón de Villaviciosa foi en formación deica o mosteiro de San Martiño Pinario, onde ten o seu cuartel o Rexemento Provincial de Zamora nº 8, e como foi recibido con vivas por parte de garda e con bandas de música.

ESTUDANTE 3º – Sabedes se xa se formou a Xunta de Goberno Revolucionario?

ESTUDANTE 4º – Moi retrasado andas. O seu presidente é D. Pío Rodríguez Terrazo. E os Vogais: D. Domingo Antonio Merelles e D. Agustín Xoán de Dios. O Secretario é Antonio Romero Ortiz.

ESTUDANTE 2º – Romero Ortiz..., non é o que escribe en *El Huracán?*

ESTUDANTE 1º – Ese mesmo.

AÑÓN – Polo que semella, o que dirixiu o alzamento aquí en Compostela foi o Capitán de Cazadores, Sebastián Arias.

ESTUDANTE 4º – As noticias son moi embarulladas. A ver se se vai aclarando algo a situación.

ESTUDANTE 3º – A Revolución vai adiante. O escurantismo está esmagado de vez.

ESTUDANTE 2º – A Liberdade triunfará. Case non creo o que estou ollando. É como se vivise nun soño.

ESTUDANTE 1º – E que será de Antolín Faraldo? Debe estar no segredo de todo. Faraldo, ademais dun gran talento, é un home moi simpático e sente un fondo amor pola nosa terra. Eu teño moita fe en Faraldo.

ESTUDANTE 4º – Faraldo é moi galeguista.

ESTUDANTE 3º – Non, que vai ser andalucista!

ESTUDANTE 2º – Os galegos sós non podemos facer nada.

ESTUDANTE 1º – Ese é, precisamente, o gran erro de Faraldo.

AÑÓN – Estou totalmente identificado con Faraldo e cos seus ideais. Esta é a nosa grande ocasión que non podemos desaproveitar. É tempo de que Galiza se erga. De que Galiza sexa Galiza.

ESTUDANTE 1º – Iso é unha tolemia.

ESTUDANTE 2º – Ben se coñece que es un poeta.

ESTUDANTE 3º – Cousas máis imposíbeis xa se teñen visto. Poida que Añón estea no certo.

ESTUDANTE 4º – Hai que ollar os problemas dende un ángulo universalista e non localista e aldeán. Vamos ver, Añón, ti que preferirías, unha estatua nunha aldea ou unha placa nunha rúa dunha cidade?

AÑÓN – Non digades parvadas. Déixate de estatuas e de coñas. Do que se trata é de salvar Galiza e a Liberdade. Temos que poñer todo canto poidamos e todo canto somos ao servizo da Revolución. Estamos a xogar o noso futuro como pobo.

ESTUDANTE 1º – Non sexas esaxerado.

ESTUDANTE 2º – Añón está nas nubes.

ESTUDANTE 3º – Dende hai séculos Galiza non tivo unha oportunidade como esta que estamos a vivir nestes intres. É que non vos decatades? É que estades cegos?

ESTUDANTE 4º – Eu nos militares non me fío.

AÑÓN – Os militares, neste caso, obedecen ás Xuntas, que son as que dirixen a Revolución. Este é un dato, non?

ESTUDANTE 1º – Pode selo.

ESTUDANTE 2º – Romero Ortiz vai falar na Cátedra de Actos de Universidade.

ESTUDANTE 3º – E cando?

ESTUDANTE 4º – Hoxe.

AÑÓN – Trátase de reorganizar o Batallón Literario, que tanta sona acadou na loita contras as tropas de Napoleón. O Batallón Literario formou unha Xunta Permanente Revolucionaria composta por Faraldo, Ramón Garea, Xosé Bermúdez Cedrón, Xesús Taboada e Pasarín.

ESTUDANTE 1º – Hai que se ir alistar ao Batallón Literario.

ESTUDANTE 2º – Ese é o noso lugar.

ESTUDANTE 3º – Certo.



ESTUDANTE 4º – Eu tamén me alistarei coa condición de que Añón nos escriba un himno. É ben raro que Añón non ande dirixindo a Revolución.

AÑÓN – Polo himno non ha de quedar. Canto ao outro, direiche que eu son sinxelamente un soldado da Revolución. Só un soldado.

ESTUDANTE 1º – A Revolución non se fai con himnos.

ESTUDANTE 2º – A Revolución faise coas armas.

ESTUDANTE 3º – Para facer a Revolución hai que amar a Liberdade.

ESTUDANTE 4º – Para facer a Revolución hai que odiar o escurantismo e o atraso.

AÑÓN – Meus amigos e camaradas, para facer esta Revolución hai que amar a Galiza.

*Faise a escuridade.*

*Santiago de Compostela.*

*Compartimento dun cuartel. Sobre unha mesa hai un mapa estendido, que consultarán segundo aconselle a situación.*

*D. Miguel Solís.*

*D. Leoncio Rubín de Celis.*

*Comandante Buceta.*

BUCETA – Galiza enteira é nosa. Pese á resistencia de Ferrol, A Coruña e Ourense.

RUBÍN – En Ourense hai moitos revolucionarios. Había que estudar o xeito de lles facer chegar armas para que poidan tomar os cuarteis.

SOLÍS – Ourense tenme preocupado. O xeito máis conveniente, polo momento, sería illar a praza para que non poida recibir axuda dos gobernamentais, e é posíbel que a tropa rematase rendéndose ou capitulando. A saída e a entrada de Galiza cara a Castela está ben gardada por Iriarte, que está da nosa banda e é o dono de Astorga.

BUCETA – Coido que o máis interesante sería atacar Ferrol e A Coruña conxuntamente. Poderían saír tropas de Lugo e de Santiago e faceren unha operación conxunta que habería que combinar. Conquistada A Coruña, Galiza sería nosa. Se puidésemos botarlle a man derriba ao Capitán Xeneral, o triunfo era seguro.

SOLÍS – Como se podería facer esa operación?

RUBÍN – Eu ataco Ourense dende Ribadavia, que é onde teño as tropas. Xa Ourense no noso poder, seguiría coas tropas a Compostela. Buceta, dende Pontevedra, dirixiríase a Santiago. Ti atacarías A Coruña e Ferrol, dividindo as túas tropas. Buceta e mais eu

cubririámosche a retagarda, mandariámosche reforzos se os precisases.

BUCETA – Pontevedra e Vigo son nosas. O mesmo que Baiona, o Morrazo, Redondela, Tui, Muros, Vilagarcía, Rianxo, Padrón e Caldas. A operación que propón Rubín é acertada.

SOLÍS – Os gobernamentais teñen pouca tropa. O groso do seu exército é o mandado por Puig Samper e as súas tropas. En Sigüeiro, decateime de que as súas forzas eran a metade das miñas. Por iso, e por non ter falado convosco, acordei un armisticio con Puig, vello xefe meu. As tropas acuarteladas en Ourense polos gobernamentais teñen que permanecer nesas prazas, pois, do contrario, a xente do pobo alzaríase en favor noso.

RUBÍN – Hai que atacar deseguida. A sorpresa é un factor moi ao noso favor. Foi un erro ese armisticio con Puig.

BUCETA – Foi un grande erro. Mais agora xa está feito. E temos que contar con que os gobernamentais recibirán reforzos de Madrid.

SOLÍS – Eses auxilios non lles poden chegar tan axiña.

RUBÍN – Non te fíes.

BUCETA – O único que pode deter que cheguen reforzos aos gobernamentais é Iriarte.

SOLÍS – Confío en Iriarte. É un bo militar. E con Iriarte en Astorga non lles vai ser doado pasar.

RUBÍN – O tomar Ourense é cousa de nada.

BUCETA – En Vigo están as naos Nervión, Astuto e Bidasoa, que se poden utilizar para apoiar a acción de Solís. Unha delas pode quedar en Vigo gardando o porto e a ría. Dúas pódense facer ao mar: unha atacaría Ferrol e outra A Coruña.

SOLÍS – Non me fio moito da Mariña. De todos os xeitos, o que di Buceta é importante.

RUBÍN – Coido que temos, polo momento, xente dabondo. O pobo en masa non pára de alistarse no exército.

BUCETA – Eu teño que recusar moitos homes maduros que queren alistarse e que xa non están en condicións físicas de loitar.

SOLÍS – Agardamos que desembarquen moi axiña en Vigo 10.000 fusís que hai que repartir entre os novos alistados.

RUBÍN – De onde veñen eses fusís?

BUCETA – O aprovisionamento é unha das cousas que hai que coidar ao máximo.

RUBÍN – De onde veñen eses fusís?

SOLÍS – Non o sei moi ben. É a Xunta Xeral Revolucionaria a que se ocupa desas cousas. Eu só teño esa información.

RUBÍN – E non andará polo medio a Condessa de Espoz e Mina?

BUCETA – Ou os Cónsules de Inglaterra e Francia, na Coruña.

SOLÍS – Todo pode ser. Eu o único que sei en concreto é que hai centros revolucionarios en Lisboa, Londres e París.

RUBÍN – Cómpre non esquecer que dona Xoana de Vega, Condessa viúva de Espoz e Mina, foi aia da Raíña.

BUCETA – Iso non lle fai.

SOLÍS – A Condessa sempre foi liberal de que eu saiba.

RUBÍN – Pois á Raíña, que ela educou, aínda que iso de educar é un dicir, non se lle coñece moito o liberalismo da súa aia.

BUCETA – A Raíña é unha anormal.

SOLÍS – Teño entendido que a Condessa está en relación con

xente importante do estranxeiro, maiormente con francmasóns e carbonarios. Mais para esa xente Galiza non importa nada.

RUBÍN – Con todo a Condesa é galega.

BUCETA – Moito me temo, meu querido amigo, que a Condesa teña nacido soamente en Galiza, que é cousa desemeillante de ser galega.

SOLÍS – Sexa o que queira. O importante é o noso plan de guerra. As liñas xerais quedan xa feitas. Eu irei logo sobre A Coruña e Ferrol, apoiado polas vosas tropas.

RUBÍN – Compreendido.

BUCETA – Así se fará.

SOLÍS – Xa madurarei todo e vos darei instrucións máis concretas.

RUBÍN – Agardámolas en breve.

SOLÍS – Axiña volas mandarei.

BUCETA – Ás súas ordes, meu Comandante.

SOLÍS – Viva a Revolución!

RUBÍN e BUCETA – Viva!

SOLÍS – Patria e Liberdade!!

RUBÍN e BUCETA – Patria e Liberdade!

*Faise a escuridade.*

*Xunta Superior Provisional de Goberno de Galiza, en Santiago de Compostela.*

*D. Pío Rodríguez Terrazo, por Santiago.*

*D. Ramón Buch, por Vigo.*

*D. Xosé María Santos, por Pontevedra.*

*D. Antolín Faraldo, Secretario da Xunta.*

*En representación do Exército:*

*D. Miguel Solís,*

*D. Leoncio Rubín de Celis.*

TERRAZO – Esta Xunta Superior Provisional de Goberno de Galiza, despois de ter examinada e valorada a conduta revolucionaria e os sacrificios feitos a prol de Galiza e da Revolución, acordou ascender a Mariscais de Campo a D. Miguel Solís Cuetos e a D. Leoncio Rubín de Celis.

RUBÍN – Moi agradecido e honrado por tal distinción.

SOLÍS – Señores da Xunta, agradezo a súa benevolencia e xenerosidade cara á miña persoa. Xa que as necesidades presentes así o esixen, acepto este nomeamento de Mariscal de Campo, por espírito de disciplina, mais coa condición de voltar ao meu emprego e graduación de Comandante unha vez teñamos acadado o triunfo definitivo, que non tardará.

TERRAZO – Mais, meu Comandante...

SANTOS – Nós pregámoslle, amigo Solís.

BUCH – É preciso que acepte.

FARALDO – Iso non pode ser. A Revolución é unha realidade principalmente grazas ao seu esforzo, ao seu valor, ao seu sacrificio, á súa lealdade co pobo galego.

SOLÍS – Non me forcen máis. Só acepto o nomeamento coa condición exposta. Xúrollelo polo meu honor de militar e

de cabaleiro. Estou pagado dabondo con defender a xusta liberdade a que ten dereito Galiza, coa que estou identificado de cheo. Son un galego máis.

TERRAZO – Esta Xunta respecta a súa decisión.

SANTOS – Comprendemos todos o fondo senso do seu sentir e das súas palabras.

BUCH – A súa conduta é emocionante.

FARALDO – É vostede, Mariscal Solís, un verdadeiro revolucionario. Un revolucionario exemplar. Estou fachendoso de ser o seu amigo. O pobo galego non podía ter mellor guieiro.

SOLÍS – Deixemos isto. Non vale a pena. Hai cousas máis importantes que facer nestes intreos críticos.

TERRAZO – O que nos xuntou hoxe aquí, ademais do tratado, foi o dar a coñecer as medidas acordadas por esta Xunta Provisional de Goberno de Galiza. Laiámonos de que non estea entre nós un representante da cidade de Lugo. As circunstancias por que atravesamos, e de todos coñecidas, impedirono. Mais esta Xunta ten moi presente o espírito que moveu o alzamento da heroica e exemplar cidade de Lugo.

SANTOS – As medidas que acordamos foron discutidas longamente.

BUCH – Moitas delas poden ser melloradas.

FARALDO – No preámbulo explícanse as razóns que nos guían. No xornal *A Revolución*, órgano e voceiro desta Xunta Provisional de Goberno de Galiza, íranse expondo as nosas ideas para que lle sirvan de guía ao pobo.

TERRAZO – Prégolle ao Sr. Faraldo, Secretario da Xunta, que lea o documento.

FARALDO – Con moito gusto. (*Comeza a ler:*)

*“Xunta Superior Provisional de Gobierno de Galiza. Desexosa de demostrar con feitos palpábeis a lealdade das súas intencións e o grandeiro obxecto dos seus pensamentos en favor da sempre humillada e asoballada Galiza, esta Xunta apresúrase a ditar as disposicións seguintes, encamiñadas a facer forte a Revolución e a esmagar as institucións asoballantes e absurdas que desmenten a bondade das doutrinas liberais e a civilización moderna. Todas están en harmonía cos principios proclamados en Lugo o día 2 de abril e hai moito tempo que mereceron a aprobación do país enteiro, porque son o eco das súas necesidades e o cumprimento dos seus desexos. Estas medidas, precursoras doutras moitas, grandes e benéficas, infundirán ao pobo galego a seguridade de que coa Revolución do 46 se enceta a segunda época da súa historia. A Xunta Superior de Galiza non perderá de vista un só intre que a moito poden aspirar dous millóns de cidadáns traballadores e honrados, xunguidos polo vencello do interese común; e sendo tan preciosos estes intres, non se detén nas moitísimas razóns que a moven a decretar o seguinte:*

*Reformas Económico-Gobernativas*

*Decláranse nulos todos os actos de Gobierno de Madrid dende o día 2 do actual.*

*Derróganse os aranceis xudiciais de 1845.*

*Refórmanse os plans de estudo.*

*Refórmanse os pasaportes.*

*Modificación do trabuco de consumos e portas.*

*Supresión do sistema tributario.*

*Supresión da policía.*



*Rebaixa do sal.*

*Arranxo do culto e clero.*

*Substitución dos concellos actuais polos de 1843.*

*Decláranse auxiliares desta Xunta Superior a todas as outras Xuntas de Galiza.*

*Medidas de Guerra*

*Formar, cos licenciados do exército residentes en Galiza, un batallón co nome de Defensores do Pobo.*

*Designar os gardas civís co título de Guías da Liberdade.*

*Deixar os carabineiros coa mesma organización.*

*Crear un escuadrón de Cabalaría en cada provincia galega, declarando requisados todos os cabalos e eguas que teñan sete cuartas de alzada, coa rebaixa de catro polgadas.*

*Conceder dous anos de rebaixa aos soldados que se xuntan ao alzamento.*

*Patria e Liberdade.*

*Santiago, 10 de abril de 1846. Pío Rodríguez Terrazo, Presidente. José María Santos. Ramón Buch. Por acordo da Xunta: Antolín Faraldo, secretario."*

SOLÍS – Moi ben. Moi ben. Non acho nada que opoñer.

Subscribo enteiramente ese documento.

RUBÍN – O mesmo digo.

*Faise a escuridade.*

*Coro de xente do pobo: Homes, Mulleres,  
Nenos, diante dun cuartel.*

- Queremos armas!
- Que nos dean pólvora e fusís!
- Dixeron que ían chegar dez mil fusís!
- Queremos defender o noso!
- Queremos que a nosa Terra sexa nosa!
- Queremos defender o pan dos nosos fillos!
- Queremos que ninguén mande en nós!
- Queremos seguir cos nosos usos e costumes!
- Queremos que nos falen na nosa fala!
- Queremos que non nos desprezen!
- Queremos que non nos asoballen!
- Queremos que non nos rouben!
- Queremos que triunfe a Revolución!
- Queremos librarnos de usureiros!
- Queremos librarnos de caciques!
- Queremos librarnos do que chaman xustiza!
- Queremos pan!
- Queremos que remate dunha vez a emigración!
- Queremos defender a nosa Terra!
- Queremos que nos dean armas!
- Queremos que nos dean os fusís que nos prometeron!
- Queremos defender a Liberdade!
- Queremos defender a igualdade!
- Queremos dar conta dos ladróns!
- Queremos dar conta dos que nos asoballan!
- Queremos rematar coa inxustiza!
- Queremos armas!

-Queremos loitar no exército de Solís!  
-Queremos defendernos!  
-Queremos vencer!  
-Queremos vivir unha vida limpa!  
-Queremos que Galiza sexa Galiza!  
-Revolución!  
-Revolución!  
-Revolución!!  
-Revolución!!!  
-Revolución!!!  
-RE-VO-LU-CIÓN!!!

*Sae do cuartel un sarxento e diríxese ao coro.*

SARXENTO – Ídevos para as vosas casas e non fagades máis barullo! Dentro de pouco teredes armas! Agora non as hai! Están a vir. Cando cheguen, xa se vos darán.

UN HOME – E se mentres vén o inimigo?

SARXENTO – Defendédevos co que poidades: paus, fouciños, bisarmas.

UN HOME – Pouco pode un fouciño contra un fusil.

UNHA MULLER – Pouco val unha bisarma contra unha baioneta.

UN NENO – Pouco fai un pau contra un canón.

*Faise a escuridade.*

Faraldo é a conciencia desta terra,  
o pan, o lume, o sal e mais o viño.  
Faraldo é o seguro, o que non erra.  
Faraldo é a esperanza e o destiño.

Faraldo veu de lonxe, dende a tebra,  
do fondo do pasado máis escuro.  
Faraldo é a vontade que non quebra.  
Faraldo é o porvir, todo o futuro.

Faraldo é o clamor do vento irado,  
a música da anterga carballeira,  
o zoar do piñeiral ben compasado  
e a brisa inaugural da primaveira.

Faraldo é a Galiza que labora,  
a Galiza maldita e transhumante,  
a xente popular, traballadora,  
a Galiza sufrida e emigrante.

Faraldo é quen marcou o noso Norte:  
estrela que nos aluma, que nos guía,  
búsola que goberna a nosa sorte,  
lumbrigar e claror dun novo día...

Faraldo é o exemplo, o home enteiro,  
facho, Revolución e Liberdade,  
camiño fondo, firme, verdadeiro  
que leva á liberación e á dignidade.

Toda Galiza escoitou alporecida  
a verba de Faraldo, a súa razón.  
Daquela o pobo abriuse cara á vida  
e buscou, por si mesmo, a salvación.

Faraldo é lume, volcán devastador,  
palabra que conmoveu o noso ser,  
murmurio delicado, berro e dor,  
espranza pra vivir, non pra morrer!

VOZ EN OFF – *“A Xunta Superior de Goberno de Galiza aos seus habitantes:*

*... Os cidadáns que subscriben e os que chegarán moi axiña a esta cidade, ao constituírense en Xunta Superior Provisional de Goberno das Catro Provincias de Galiza, polo voto unánime do pobo e do exército, erguen en alto a bandeira de Lugo porque é patriótica, grande, santa, e gravan nela, con man firme, o pensamento da Revolución de 1846, coa seguranza de que cumpren a vontade do país.*

*Ao botar sobre as súas costas unha misión tan honrosa como delicada, só lles é dado anunciar que a cumprirán con resolución e lealdade, deixando ao tempo o encargo de xustificar os seus feitos, aínda que a vida dos seus individuos é ben pública para que poida inspirar desconfianza. Casar todos os desexos e todas as vontades, dirixir a un só fin os esforzos de pobos e tropas, centralizando a acción revolucionaria e creando un directorio activo e intelixente que poña as catro provincias de Galiza en estado de desprezar todo o seu formidábel poder para propagar este alzamento, tan puro*

*e lexítimo pola súa orixe como sublime e inmenso polo seu fin, serán as principais tarefas da Xunta Superior. Non a fará recuar ningún obstáculo na súa marcha e, dende a altura onde a poñen os sucesos, chamará aos pobos para esmagar as súas cadeas na fronte dos tiranos.*

*Coida, tamén, dentro da súa conciencia, que ten outro deber que cumprir con respecto a Galiza. Deica o de agora, a revolución foi unha arrepiante mentira, unha farsa impía... É tempo de que se realicen as engaiolantes promesas que repetiron os falsos sacerdotes da política, recollendo os froitos de tanta abnegación e tanto sacrificio. O pobo conseguirá nesta Revolución o que lle arrebataron os cómicos dos pronunciamentos: Pan e Dereitos. Galiza, arrastrando até aquí unha existencia oprobiosa, convertida nunha verdadeira colonia da corte, vai erguerse da súa humillación e abatemento. Esta Xunta, amiga sincera do país, consagrarase decote a engrandecer o antergo reino de Galiza, dando proveitosa dirección aos numerosos elementos que atesoura, erguendo os alicerces dun porvir de gloria. Para conseguilo, esforzarase sen descanso en fomentar intereses materiais, crear costumes públicos, abrir as fontes naturais da súa riqueza, a agricultura e o comercio, e poñer en harmonía coa época os hábitos e as ideas que deixou unha sociedade vedraia fundada sobre a ignorancia. Espertando o poderoso sentimento de provincialismo e encamiñando a un só obxecto todos os talentos e todos os esforzos, chegará a conseguir Galiza a influencia de que é merecente, poñéndose en alto lugar a que está chamado o antergo Reino dos Suevos. Que a*

*espada de Galiza faga inclinar, unha soa vez, a balanza en que se pesan os destinos de Hespaña.*

*GALEGOS: A Xunta Superior Provisional non dubida en aseguravos que, contando co voso franco apoio, logrará que a nosa provincia sexa temida e respectada por nacionais e estranxeiros.*

*Patria e Liberdade.*

*Santiago, 15 de abril de 1846. Pío Rodríguez Terrazo, Presidente. Xosé María Santos. Ramón Buch. Por acordo a Xunta: Antolín Faraldo, Secretario”.*

*Faise a escuridade.*

*Tertulia na casa de Dona Xoana de Vega,  
Condesa Viúva de Espoz e Mina, na Coruña.  
Cónsul de Inglaterra.  
Eduardo Santos, Vicecónsul de Inglaterra.  
Cónsul de Francia.*

XOANA DE VEGA – Xa ven en que parou unha Revolución que tan bos comezos tivo.

CÓNSUL DE INGLATERRA – Unha verdadeira mágoa!

EDUARDO SANTOS – Inconcebíbel! Inconcebíbel!

CÓNSUL FRANCÉS – Unha tolaría sen pés nin cabeza.

XOANA DE VEGA – Os revolucionarios deixáronse enganar por Faraldo, que é un neno e un tolo. Querer darlle a independencia a Galiza! A quen se lle ocorre...!

CÓNSUL DE INGLATERRA – E máis nestes tempos, cando o mundo é como un pano e hai que cavilar que a unión fai a grandeza. Xa hai séculos que rematou a Idade Media.

EDUARDO SANTOS – Que farían os galegos sós? Fai ben o goberno meténdoos en cintura, pois eles non poderían vivir de por si. Nin sequera se decatan, tan brutos son, de que o Goberno combatendo e esmagando o alzamento por riba aínda lles fai un favor.

CÓNSUL FRANCÉS – Iso digo eu. Nada hai máis atrevido e ousado que a ignorancia.

XOANA DE VEGA – Eu son máis galega que ninguén. Mais son universalista. De Galiza gústanme os mariscos, o lacón, as filloas e a paisaxe. A súa fala é brután. Non é unha lingua fina nin de cultura.

CÓNSUL DE INGLATERRA – Claro que non!

EDUARDO SANTOS – Nós, primeiro que nada, somos españois. A moita honra!



CÓNSUL FRANCÉS – Claro, claro, como ten que ser!

XOANA DE VEGA – Esta provincia tan atrasada, de onde se faría cos políticos que a gobernarían co acerto con que a gobernan, pese a todo, os políticos de Madrid?

CÓNSUL DE INGLATERRA – Caerían de novo na barbarie, no tribalismo, quizais no canibalismo.

EDUARDO SANTOS – É un pobo imposíbel. Cando o Goberno de Madrid non puido facer máis deles é que non teñen arranxo.

CÓNSUL FRANCÉS – Oh lá lá...!

XOANA DE VEGA – Teño noticias da Loxia do Grande Oriente. Danme instrucións para que non me mesture neste alzamento dado o cariz que collen os acontecementos.

CÓNSUL DE INGLATERRA – Eu teño as mesmas instrucións de Londres.

EDUARDO SANTOS – O mesmo opinan en Madrid.

CÓNSUL FRANCÉS – E en París.

XOANA DE VEGA – Se chegamos a facer desembarcar e entregamos eses dez mil fusís que viñan para os revolucionarios lucíámonos. Que ridículo!

CÓNSUL DE INGLATERRA – A min caeríame a cara de vergoña.

EDUARDO SANTOS – Eu morrería.

CÓNSUL FRANCÉS – Menos mal que tivemos prudencia.

XOANA DE VEGA – O Capitán Xeneral de Galiza, ese bruto de Villalonga, non deixa de espiar esta casa. Non me deixa nin respirar.

CÓNSUL DE INGLATERRA – Non teña mágoa. Esta súa casa está baixo a bandeira do Imperio Británico, e Villalonga nada pode facer.

XOANA DE VEGA – Eu xa osmaba algo. Ese tal Faraldo, que é un ninguén, un estudiantíño de nada, fillo dun escribán de

Betanzos, co que só falei unha vez, non me gustou cousa. Fala en galego. Que patufada! Seguramente que foi incapaz de deprender o castelán.

CÓNSUL DE INGLATERRA – Un paleta!

EDUARDO SANTOS – Un mal español. Un traidor que merece ser fusilado.

CÓNSUL FRANCÉS – Un aldeaniño.

XOANA DE VEGA – Cómpre civilizar a Galiza polo seu propio ben. Hai que deprenderlle aos galegos que amen a Liberdade, obrígalos a que falen o castelán, facer que deixen os seus costumes bárbaros e imporlles os dos pobos civilizados, que deprendan a tocar a guitarra e a bailar flamenco. A min o son da gaita arrepiame, e a muíneira seméllame un baile de salvaxes!

CÓNSUL DE INGLATERRA – Certo, señora Condesa. Conviña que os seus paisanos se afixesen a tomar o té. Terían adiantado moito no camiño da súa civilización.

EDUARDO SANTOS – Eu obrigaríaos a comer pan de trigo, e non ese pan de centeo e de broa de millo que é intragábel.

CÓNSUL FRANCÉS – E que adubasen as súas comidas con manteiga.

XOANA DE VEGA – Hai veces que me avergoño de ser galega. E sinto un noxo!

CÓNSUL DE INGLATERRA – Miña señora, vostede non semella galega, dito sexa na súa honra.

EDUARDO SANTOS – Nós non semellamos galegos, señora Condesa!

CÓNSUL FRANCÉS – Vostedes non teñen as rudas e bárbaras maneiras dos seus paisanos. Vostede, señora Condesa, é unha dama da aristocracia, culta e requintada, que

mesmo semella parisién. O señor Vicecónsul de Inglaterra é un cabaleiro culto e distinguido.

XOANA DE VEGA – Moi agradecida polos seus cumpridos, cabaleiros. Non saben canto me compracen.

CÓNSUL DE INGLATERRA – Non son cumpridos. É a pura verdade. Vostede, señora Condesa, non ten o menor acento galego, que tan feo e noxento é. Polos seus xeitos e portes semella unha grande dama inglesa e pola súa graza unha madrileña de puro sangue ou unha flamenca de categoría. O vicecónsul de Inglaterra, o meu querido compañeiro e colaborador e amigo D. Eduardo Santos, semella de Valladolid, do contrario non tería sido nomeado para o posto que ocupa.

CÓNSUL FRANCÉS – O señor Cónsul de Inglaterra está no certo.

XOANA DE VEGA – Fanme feliz, señores, coa súa comprensión e benevolencia. Eu non descendo a falar galego nin coa servidume para non me contaminar. Para iso son doutra clase social. Non quero nin podo embrutecerme. Neste lugar do mundo tan arredado, tan lonxe da civilización...

CÓNSUL DE INGLATERRA – Moi ben feito.

EDUARDO SANTOS – A señora Condesa é moi intelixente.

CÓNSUL FRANCÉS – Oui, madam.

XOANA DE VEGA – Grazas a vostedes, cabaleiros e queridos amigos, podo conversar con persoas cultas e distinguidas. Do contrario, eu aquí soa, sen ter con quen falar, con quen poder trocar ideas, remataría ladrando. Estou desexando que mude esta desgrazada situación política para poder voltar a Madrid. Ouh Madrid, Madrid...!

*Faise a escuridade*

*Capitanía Xeral de Galiza, na Coruña.  
Juan de Villalonga, Capitán Xeneral.  
Puig Samper, Xeneral.  
Varios Oficiais de Estado Maior.*

VILLALONGA – Estou que rebento! Os rebeldes son donos de toda Galiza. Os reforzos e auxilios que pedín ao Ministerio da Guerra non rematan de chegar. Se seguimos así uns días máis e os revolucionarios nos atacan somos perdidiños.

PUIG SAMPER – O mellor é atacalos nós a eles.

VILLALONGA – Si. Imos deixar desgornecidas as prazas que están no noso poder para que se nos subleve a poboación civil! Ti non as cavilas! A verdade é que o pobo está coa Revolución.

OFICIAL 1º – Ten toda a razón o Excmo. Capitán Xeneral.

VILLALONGA – Ti calas, que non che pedín opinión!

OFICIAL 1º – Ás súas ordes, meu Capitán Xeneral.

VILLALONGA (*a un OFICIAL*) – A ti non che se ocorre nada?

OFICIAL 2º – Nada, meu Capitán Xeneral!

VILLALONGA – Mira que es besta!

PUIG SAMPER – Estará o Ministro da Guerra enteirado da nosa verdadeira situación?

VILLALONGA – Claro que está!

PUIG SAMPER – Logo non comprendo...

VILLALONGA – Claro que non comprendes! Nin eu tampouco!

PUIG SAMPER – Pois algo haberá que facer, non...?

VILLALONGA – Mais que, que...? A culpa de todo tena esa zorra da Condesa viúva de Espoz e Mina. Esa xoíña se non está conspirando non está a gusto. Se lle puidese poñer a man derriba...

OFICIAL 3º – E por que non a manda deter?

VILLALONGA – Ti ben falas. Non sabes que na súa casa está o Consulado inglés, que a protexe? Eses masóns, carbonarios, liberais e demais xentiña polo estilo..., había que fusilalos a todos. Había eu ser o Xefe do Goberno! Non ía deixar un vivo! Son eles os que teñen así a nación.

OFICIAIS (*a coro*) – Si, noso Capitán Xeneral!

VILLALONGA – E esa zorra ríndose de min...

PUIG SAMPER – Non podo deixar de cavilar en Solís. É un romántico soñador. Sinto mágoa por ese rapaz, que se meteu nunha aventura tan parva. Cando as súas tropas se avistaron coas miñas en Sigüeiro, perto de Santiago, non me quixo atacar porque el estivo ás miñas ordes. Foi entón cando chegamos ao armisticio. O seu xesto emocionoume. Porque Solís é moi valente.

VILLALONGA – O que lle pasa a ese militarciño da merda é que é parvo ou tolo. Deixou fuxir unha boa ocasión. En Sigüeiro o seu triunfo era seguro, xa que as súas tropas dobraban en número as nosas. Na guerra a sorte non se repite dúas veces. A ese recruta, como caía nas miñas mans, heino mandar fusilar.

PUIG SAMPER – Meu Capitán Xeneral, Solís é un home extraordinario e un militar con honor, aínda que as súas ideas poidan estar trabucadas. Tívome nas súas mans e...

VILLALONGA – Como digas outra palabra en favor de Solís fágote fusilar a ti. Entendido...?

PUIG SAMPER – Ás súas ordes, meu Capitán Xeneral.

*Entra o Coronel Francisco Cachafeiro,  
disfrazado de labrego.*

CACHAFEIRO – Ás súas ordes, meu Capitán Xeneral!

VILLALONGA – Que novidades traes, Coronel Cachafeiro?

CACHAFEIRO – Boas.

VILLALONGA – Conta axiña!

CACHAFEIRO – O Ministro da Guerra mandou tropas dabondo cara a Galiza ao mando do xeneral Concha, que xa venceu a Iriarte en Astorga. O xeneral Concha está agora en Monforte de Lemos. Ourense segue no noso poder. Concha, dende Ourense, vai ir sobre Santiago.

VILLALONGA – Estamos salvados! Eu mesmo sairei da Coruña cara a Lugo a ver se tomo a praza. Se non a tomo axiña, os lugueses tampouco poderán mandar reforzos a Santiago. Así facilitolle as cousas a Concha.

CACHAFEIRO – Iso mesmo foi o que me dixo Concha, meu Capitán Xeneral.

VILLALONGA – Con tres corpos de exército esmagaremos os revolucionarios. Eu mandarei un, outro Puig Samper. O outro xa o manda Concha. O malo é se nos atacan polo mar.

PUIG SAMPER – Non o creo. Os revolucionarios soamente teñen tres naos e pouco poden facer con elas. O único que poden facer é intentar defender a Vigo e a súa ría.

VILLALONGA – Así o creo eu tamén. *(A Cachafeiro)* – Non tiveches ningunha dificultade na túa misión?

CACHAFEIRO – Non, meu Capitán Xeneral. Con este disface apañeime moi ben.

VILLALONGA – Felicítote, Coronel Cachafeiro. Mañá sairás na orde do día.

CACHAFEIRO – Moi recoñecido, meu Capitán Xeneral.

VILLALONGA – Agora cómpre estudar a estratexia a seguir. Hai que estudar todos os detalles. O primeiro que cómpre facer é mandarlle instrucións a Concha.

CACHAFEIRO – Eu ofrézome para esa misión.

VILLALONGA – Non, ti non. A ti cómpreche un descanso. (*Ao Oficial 1º facéndolle un aceno*). A ver, ti.

OFICIAL 1º – Ás súas ordes, meu Capitán Xeneral!

VILLALONGA – Prepárate para saíres!

OFICIAL 1º – Si, meu Capitán Xeneral. (*Saúda e sae*).

VILLALONGA – (*Aos Oficiais*). Formade e revisade as tropas!

OFICIAIS – Ás súas ordes, noso Capitán Xeneral! (*Saúdan e saen*).

VILLALONGA – Vaites, vaites...! Pois o conto é que as cousas se presentan bastante ben. Noso Señor axuda sempre aos seus. Non cabe dúbida. Cando caían os revolucionarios no meu poder, pouco han ter que contar. Hanse lembrar de quen é don Juan de Villalonga.

*Mentres Villalonga di as últimas palabras, paseando pola escena, cheo de gozo, desfrutando anticipadamente do triunfo e refregando as mans de ledicia, escóitase unha corneta ou varias chamando as tropas a formar.*

*Faise a escuridade.*

*Sitio do Mosteiro de San Martiño Pinarío de Santiago de Compostela.*

*É de noite.*

*Cuarto de Solís con Soldados facendo garda.  
Unha mesa con papeis revoltos. Solís está  
mal afeitado, canso, nervioso, abandonado  
na vestimenta.*

*Solís.*

*Buceta.*

BUCETA – Non lle deas máis voltas. Está todo perdido.  
Debemos fuxir. Agora é noite. A fuxida é doada.

SOLÍS – “A nosa vida pertence á patria e hoxe habémonos de  
salvar ou morrерemos todos por ela. Os covardes teñen  
espazo libre para marchar a onde quixerен”.

BUCETA – É un sacrificio inútil o que pretendes.

SOLÍS – Os sacrificios nunca son inútiles.

BUCETA – Os sarxentos queren capitular. O Arcebispo Vélez  
escribiulle ao Xeneral Concha, que, polo visto, nin tan  
sequera leu a carta. Concha esixe a rendición  
incondicional. Seremos fusilados.

SOLÍS – E quen lle mandou ao Arcebispo meterse neste choio?

BUCETA – Non sei. Sería iniciativa del.

SOLÍS – Se Rubín acudise a Cacheiras, a vitoria sería nosa. Por  
que non viría?

BUCETA – Se cadra tivo medo.

SOLÍS – Rubín non é un traidor.

BUCETA – Eu non estou tan seguro.

SOLÍS – En Cacheiras a vantaxe era nosa. Logo torcéronse as  
cousas. E tivemos que vir recuando até Conxo. En  
Santiago defendemos o terreo palmo a palmo: a Ponte  
da Rocha, Santa Susana, o Hórreo, a Porta da Mámoa,  
as rúas, até que nos pechamos aquí, en San Martiño  
Pinarío, onde resistimos aínda. Se aparecese Rubín



atacando pola retagarda e nós pola avangarda, estabamos salvados. Pillabamos o inimigo entre dous fogos.

BUCETA – E dálle! Rubín xa non aparece máis.

SOLÍS – Quen sabe...?

BUCETA – Está todo perdido. Desengánate.

SOLÍS – Foi un fermoso e nobre soño loitar por un pobo e pola súa Liberdade. Foi o soño máis fondo que puido imaxinar e vivir un home. Todo non se perdeu. Polo menos este soño non poderá ser vencido. Outros que veñan tras de nós hano de facer realidade.

BUCETA – Agardo que así sexa. Mais ti aínda podes salvar a vida.

SOLÍS – De nada vale a miña vida xa. Eu xa teño escollido.

BUCETA – A vida é moi longa. Ti só tes trinta e un anos.

SOLÍS – A miña decisión está tomada e ninguén me fará mudar. Nin a morte. Resistirei até o máximo.

*Faise a escuridade.*

Miguel Solís foi un ensoño puro,  
corazón indomábel, sensitivo,  
bruador furacán cara ao futuro,  
rochedo inmovíbel, forte e vivo.

Solís amou a verdade e a xustiza,  
o mar, o vento, as brétemas escuras.  
Amou esta terra verde de Galiza,  
as súas mágoas, arelas e tristuras.

Solís foi unha luz alta e fermosa,  
unha furia potente e desatada,  
un doce son de vaga rumorosa  
e un arrollo de brisa namorada...

Miguel Solís foi lóstrego e paixón,  
conmovida potencia loitadora,  
xurdiu con rexa furia de trebón  
e claridade inaugural de aurora.

Solís viu a realidade e comprendeu  
que Galiza rolaba cara ao abismo.  
E procurou solucións. E respondeu  
dando o mellor de si, dándose el mesmo.

Miguel Solís foi o héroe máis cabal,  
o guerreiro máis nobre, máis valente,  
o cabaleiro máis puro e máis leal,  
o home que comprendeu á nosa xente.

Xa chegaron os tempos anunciados,  
os tempos de Faraldo e de Solís,  
os tempos da verdade e dos soldados,  
os tempos da Liberdade para o país.

Porque Miguel Solís foi firme fe,  
estrela, arela, símbolo e bandeira.  
Foi Solís quen puxo a Terra en pé  
e proclamou a luz e a Primaveira!

*Nunha esquina do escenario estará o Xeneral  
Concha e noutra D. Juan de Villalonga,  
Capitán Xeneral de Galiza, que terá ao seu pé  
un Cornetín de Ordes. Villalonga e Concha  
estarán cada un subido no seu podium, aínda  
que o de Villalonga será máis alto.*

*Os dous militares lucirán moitas cruces e  
condecoracións.*

*Convén coidar ao máximo a luz para o efecto  
escénico.*

CONCHA (Lendo) – *“División Expedicionaria de Galicia – Estado  
Mayor. Excmo. Sr.: Tengo la satisfacción de anunciar a  
V.E. que después de un combate empeñado desde las  
alturas de Cacheiras y de forzar a viva fuerza a esta  
ciudad, a pesar de la viva defensa que han hecho los  
sublevados al mando de Solís, se han visto, a las siete de  
la noche, obligados a entregarse a discreción todas las  
fuerzas aquí reunidas.*

*El número de prisioneros será sobre 1.400, que se componen de los batallones de Zamora, Gijón y Segovia, de unos 70 hombres de la Guardia Civil y de diferentes destacamentos de Gijón y Oviedo, con 25 caballos de Villaviciosa. El número de oficiales llega a 54, contando entre ellos al Comandante Solís.*

*No puedo dar a V.E. más detalles por la premura del tiempo, debiendo, sin embargo, manifestarle que las tropas de mi mando se han conducido con el mayor valor, acreditándolo en la toma de esta ciudad, que me ha costado más de 200 hombres entre muertos y heridos.*

*Hago marchar mañana los oficiales prisioneros en dirección de La Coruña, escoltados por cuatro compañías de Mondoñedo y dos mitades de caballería, y desearía que V.E. se sirviese prevenirme que debo hacer respecto de los individuos de la clase de tropa.*

*Dios guarde a V.E. muchos años.*

*El General-Comandante, José de la Concha.*

*Excelentísimo Señor Capitán General de Galicia”.*

*Villalonga faille un aceno ao Cornetín de Ordes. Concha queda inmóbil e rixido no seu podium.*

*O Cornetín de Ordes bota unha tocata e, cando remata, ponse ao pé do podium que ocupa Villalonga.*

VILLALONGA (Lendo) – *“¡Soldados! Por parte del Excmo. Sr. D. José de la Concha, Comandante General de la División Expedicionaria de Galicia, que se acaba de leer, podéis venir en conocimiento del fruto que los cuerpos e*

*individuos de este ejército que se rebelaron contra el Gobierno han sacado de su criminal comportamiento. Han sufrido y os han hecho sufrir los trabajos de una campaña breve pero penosa, y por un instinto casi común a todos los que proceden mal, ellos mismos escogieron el punto donde más expuestos se hallaban a encontrar el fin que les está destinado. ¡Soldados! que vuestra situación se fije en los castigos que van a tener lugar para vivir prevenidos contra sugerencias iguales a las de que son víctimas nuestros compañeros, es lo único que desea y os encarga vuestro Capitán General Villalonga”.*

*Faise a escuridade.*

VOZ EN OFF – Juan de Villalonga, Capitán Xeneral de Galiza, nomeou un Tribunal de Guerra, que chegou á vila de Carral, perto da Coruña, o día 25 de abril de 1846 e que estaba composto por:

Francisco Javier Ituarte, Brigadier, Presidente.

Francisco Cachafeiro, Coronel.

D. Xosé Saavedra Codesido, avogado da Coruña, en concepto de asesor do Tribunal, cargo a que quixo renunciar, obrigándoo Villalonga a aceptalo.

Juan Antonio de Castro Cedeira, Fiscal.

Villalonga quería fusilar todos os prisioneiros apañados polo xeneral Concha. O Concello de Santiago, o Concello da Coruña, o Rexemento de Artillaría e o Arcebispo Vélez, de Santiago de Compostela, presionaron a Villalonga para que aminorase o seu decreto.

O Tribunal de Guerra condenou a morrer fusilados, primeiramente, a D. Miguel Solís Cuetos e a D. Víctor Velasco.

Os membros dunha Comisión Militar pedíronlle a Villalonga clemencia para os restantes prisioneiros.

Villalonga respostou: “Que si inmediatamente no se le avisaba de haberse consumado el fusilamiento de los prisioneros comprendidos en su provincia, serían también fusilados los miembros de la Comisión Militar”.

Fixolle a mesma advertencia ao Coronel Cachafeiro, ao que autorizou para fusilar “al Presidente y Vocales del aludido Consejo”, se non daban total cumprimento ao seu decreto, ameazando a Cachafeiro “con que le cupiese igual suerte por su apatía”.

O 26 de abril de 1846, ás once e media da mañá, notificóuselle a Solís o fallo do Tribunal de Guerra.

Ás dúas da tarde Solís saíu da capela. D. Xacinta Dabán e D. Fermín Mariné botáronse aos seus brazos chorando. Eles ignoraban aínda a súa sorte. Varios soldados arredáronos bruscamente. D. Víctor Velasco protestou. Solís, arrodeado dunha forte escolta, emprendeu o camiño até a aldea de Paleo, perto de Carral. Chovía e facía vento. Ao chegar ao adro de Paleo quixérono fusilar polas costas. Ao decatarse dixo: “Solís endexamais foi traidor e non morrerá como tal, senón como morre un militar honrado e cabaleiro”. El mesmo deu a vez de *Fogo!* Os seus miolos salpicaron as pedras da igrexa de Paleo.

Ás catro da tarde do mesmo día, 26 de abril, o Fiscal notificoulles a sentenza de morte aos Capitáns.

Ás seis da tarde saíron para Paleo, escoltados por dúas compañías do Batallón Provincial de Mondoñedo. Seguía a chover con moita forza. O Coronel Cachafeiro, desexando rematar axiña, fixo unha parada nunha carballeira e ordenou axeonllar a Velasco, Dabán, Mariné e Ferrer. Dabán díxolle a Cachafeiro: “É aquí o lugar que se destina para o sacrificio...? Pois como Capitán de Cazadores, quero que sexan eles os que o executen”. Como Solís, deu a orde de *Fogo!* E seguidamente arengou aos soldados.

Os sete Oficiais restantes presenciaron este cadro arrepiante a curta distancia. Adiantouse outra escolta e fixo pasar a catro dos Oficiais condenados a morte por riba dos cadáveres dos seus compañeiros, e seguidamente foron fusilados tamén eles.

O Capitán Lallave caera, atravesado o seu ventre por un balazo. Ergueuse. Ao avanzar uns pasos, os executores rematáronno a baionetazos.

Os soldados do pelotón de fusilamento, rematadas as execucións, abalanzáronse sobre os cadáveres das vítimas para despoxalos das súas roupas.

O Párroco do lugar, Don Mateo Pereira, que asistiu aos condenados até o derradeiro intre, protestou. O Coronel Cachafeiro díxolle: “Os vestidos son choios reservados aos soldados que fan os fusilamentos”.

D. Mateo Pereira respondeulle: “Os cadáveres pertencen á xustiza humana. Despois de cumprirse o fallo, entran no dominio do poder espiritual. Eu reclámoos no nome da xustiza divina!”.

Diante desta actitude, retirouse o Coronel Cachafeiro coas tropas. Ao día seguinte, 27 de abril, moi de mañá, enterraron os cadáveres, algúns deles levados en carro até o cemiterio de Paleo. Foron inhumados en distintas sepulturas, debido ao celo e á preocupación do Párroco D. Mateo Pereira.

O mesmo día en que xulgaron aos seus compañeiros, o Brigadier Don Leoncio Rubín de Celis abandonou, nas montañas de S. Xurxo de Sacos, perto de Pontevedra, a columna que el mandaba. Ao seguinte día, de mañá, embarcou en Vigo. Aínda segue sen resposta a pregunta que se fixo na época: Por que Rubín non intentou salvar a Solís e aos seus compañeiros?

*Pausa.*



VOZ EN OFF – *“Capitán General de Galicia – Estado Mayor – Relación nominal de los Jefes y Capitanes que han sido pasados por las armas en la tarde de hoy por efecto de la insurrección militar que tuvo lugar en la Plaza de Lugo: Coronel-Comandante D. Miguel Solís y Cuetos, de Estado Mayor.  
Comandante D. Víctor Velasco, de Reemplazo.  
Capitán D. Manuel Ferrer, del Rgto. de Infantería Zamora nº 8.  
Capitán D. Jacinto Dabán, del Rgto. de Infantería Zamora nº 8.  
Comandante-Capitán D. Fermín Mariné, del Rgto. de Infantería Zamora nº 8.  
Capitán D. Ramón José Lloréns, del Rgto. de Infantería Zamora nº 8.  
Comandante-Capitán D. Juan Sánchez, del Provincial de Segovia.  
Capitán D. Ignacio de la Infanta, del Provincial de Segovia.  
Capitán D. Santiago Lallave, del Provincial de Segovia.  
Capitán D. Manuel Márquez, del Provincial de Segovia.  
Capitán D. José Martínez, del Provincial de Gijón.  
Capitán D. Felipe Valero, del Provincial de Gijón.  
Carral, 26 de abril de 1846 – El Presidente, Francisco Javier de Ituarte – Es copia – Villalonga”.*

*Faise a escuridade.*

*No fondo do escenario, sobre un podium moi alto, está Sanz, Ministro da Guerra, cheo de condecoracións e cun uniforme moi vistoso. O podium pode ter un letreiro que diga: "Ministro da Guerra".*

*O máis lonxe posíbel do anterior, tamén noutro podium só que máis baixo, está D. Juan Villalonga. Este podium pode ter outro letreiro que diga: "Capitán Xeneral de Galiza".*

VILLALONGA (*berrando –pode ler–*) – *"Excmo. Sr. Ministro de la Guerra: Conociendo que la rebelión sofocada ha sido fruto de los manejos de las sociedades secretas para cuyos trabajos presentaba gran oportunidad el sistema de guarniciones y acontecimientos que se siguió durante el mando de mi antecesor. Y conociendo que dichas sociedades pueden componerse en este distrito de las personas de oposición más marcada al actual orden de cosas, estimo conveniente que sean extrañadas por algún tiempo las que, a juicio de las autoridades, inspiraren más desconfianza, siendo principalmente necesario que salga de La Coruña la Condesa de Mina a la cual no podría darse destino más acertado que una larga licencia para el extranjero".*

*Juan de Villalonga, Capitán General de Galicia".*

SANZ (*tamén berrando e lendo se se considerar oportuno*) – *"Excmo. Sr.: La Reina (q. D. g.) se ha enterado de la comunicación de V.E., fecha 14 de Pontevedra, haciendo sus observaciones sobre la Real Orden de 30 de abril*

*pasado relativa a confinamientos. Y S. M., en su vista, se ha servido ordenarme diga a V. E. ser su voluntad que a la Condesa viuda de Mina se la vigile según convenga. Y si diese motivo legal para proceder contra ella, se la juzgue con arreglo a las leyes.*

*Dios guarde a V. E. muchos años.*

*Madrid, 21 de Mayo de 1846 – Sanz – Ministro de la Guerra*

*Señor Capitán General de Galicia". Reservado.*

*Sanz queda inmóbil como unha estatua no seu podium.*

*Villalonga baixa do seu podium e comeza a pescudar e a cheirar todos os rincullos do escenario como un can perdigueiro, cun pistolón inmenso nunha man e na outra un sabre descomunal, mentres di:*

VILLALONGA – Conspiradores, revolucionarios, masóns, liberais, ateos, carbonarios, separatistas...! Onde vos agachades...? Eu darei con vós! Xa saberedes o que é bo! Teño que desinfectar e purificar o país. Teño que deixar o país limpo e cintilante como unha prata. Aínda non escarmentastes, eh? Onde vos agachastes...? Onde...? Se sodes tan valentes, dade a cara! Dade a cara, cabróns, fillos de puta!

*Faise a escuridade e remátase a obra.*



## Táboa

PRESENTACIÓN .....	5
SEN ESQUECER A MANUEL MARÍA .....	7
O LEVANTAMENTO DE 1846 .....	9
ABRIL DE LUME E FERRO: O valor da historia .....	15
NOTA DO AUTOR .....	21
ABRIL DE LUME E FERRO.....	23



# CASA – MUSEO MANUEL MARIA

*Todo o que vive murchase ou devece  
vencido polo tempo traizoeiro.  
Nós pasamos. A casa permanece.*

*Sonetos á Casa de Hortas (1997)*

A casa natal de Manuel María en Outeiro de Rei, hoxe Casa-Museo do escritor, acolle todo o seu legado e é reflexo vivo da súa grande obra literaria e humana. Visitala é reencontrarse con el ou, quizais, redescubrilo.

[www.casamuseomanuelmaria.gal](http://www.casamuseomanuelmaria.gal)  
[contacto@casamuseomanuelmaria.gal](mailto:contacto@casamuseomanuelmaria.gal)

